

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DA UNIVERSIDADE SÉNIOR NO EXERCICIO 2018.

Santiago de Compostela, **12 JUN. 2018**

REUNIDOS

Dunha parte:

Don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Don Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña, con CIF Q6550005J, nomeado polo Decreto 1/2016, de 8 de xaneiro, en virtude das facultades que se lle confiren no artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26 de maio de 2004) e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro, e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

II. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto



177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social. Correspóndelle á dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

III. A Consellería de Política Social e a Universidade da Coruña consideran de interese que as persoas maiores, debido ó aumento da esperanza de vida, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ó mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

IV. Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007), a Universidade da Coruña é unha institución pública dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, que goza de autonomía, de acordo coa Constitución e a lei. No ámbito das súas competencias correspóndelle o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo. Son funcións da universidade ó servizo da sociedade, entre outras, a creación, desenvolvemento, transmisión e crítica da ciencia, da técnica e da cultura, a preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos e para a creación artística e especialmente a difusión do coñecemento e a cultura a través da extensión universitaria e a formación ó longo de toda a vida, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver os fins que se pretenden con este convenio.

V. Tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que vai dirixida, e por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas, que expidan títulos universitarios que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social, conforme ao previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, considéranse razóns que acreditan o seu interese social,

queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).

A Consellería de Política Social e a Universidade da Coruña recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-Obxecto

A Consellería de Política Social e a Universidade da Coruña colaborarán e facilitarán a consolidación da Universidade Sénior, que é unha oferta de estudos para aquel sector da sociedade maior que concluíu a súa vida laboral e demanda un novo tipo de formación actualizada e axeitada ás súas inquiredanzas formativas e intereses culturais e que comprende o desenvolvemento das actuacións que se recollen na cláusula segunda.

SEGUNDA.-Actuacións subvencionables.

A Universidade Sénior conta cun plano de estudos con catro cursos, completados por obradoiros optativos. O alumnado que complete os catro cursos poderá conseguir o título de graduado Sénior pola Universidade da Coruña. As actuacións subvencionables durante o período de vixencia do convenio son:

1. Plano de estudos da Universidade Sénior 2017/2018 a levar a cabo durante a vixencia deste convenio estruturase en 21 materias (2 obrigatorias por curso e unha optativa a escoller entre as propostas) ao longo dos 4 cursos no Campus da Coruña e 16 no campus de Ferrol. As materias englobanse en tres grandes áreas temáticas:

- Humanidades e Ciencias Sociais



- Ciencia e Tecnoloxía
- Ciencias da Saúde

2. Obradoiros voluntarios para a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos. Neste curso establécense os seguintes obradoiros no Campus da Coruña a subvencionar por este convenio:

- Obradoiro de Conversación en Lingua Inglesa
- Obradoiro de Coidados en Situación de Urgencia
- Obradoiro de Materia e Vida: segredos da química
- Obradoiro de Apreciación e Práctica da Expresión Musical
- Obradoiro de Comunicación Social e Capacitación Mediatiza
- Obradoiro Europeo.

TERCEIRA: Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (BOE nº 176, do 25 de xullo de 2006); na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



CUARTA.-Orzamento

Segundo a Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, está previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará vinte e oito mil oitocentos setenta e cinco euros **(28.875,00 €)** con cargo á aplicación orzamentaria **12.04.312E.444.0.**

QUINTA.-Obrigas da entidade.

A Universidade da Coruña deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

1. Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
3. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
4. Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ó



beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
7. Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.
8. Incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: financiado pola Consellería de Política Social.
9. No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.
10. Deseñar e desenvolver as actuacións do presente convenio tendo en conta ás necesidades e demandas das persoas con discapacidade e baixo os principios establecidos no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
11. Incluír, se é o caso, na súa programación de actividades, aquelas que sexan promovidas e financiadas pola Consellería de Política Social e estean destinadas, entre outros ámbitos: á promoción da saúde e o benestar, ao desenvolvemento persoal e ciclo vital, á promoción da participación e do voluntariado e ao uso e manexo das novas tecnoloxías.
12. Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Así mesmo, a entidade deberá subministrar á Administración toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, coas consecuencias, no caso de incumprimento, indicadas no artigo 4 da devandita lei.



SEXTA: Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SETIMA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 30 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 70% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio

Con carácter previo a calquera pagamento consultarase de forma automática o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. Presúmese a autorización para esta consulta. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015 e achegar os documentos correspondentes.



OITAVA: Documentación xustificativa

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi



efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2018**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.


No momento da presentación da xustificación do convenio, en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2018**, a entidade presentará a seguinte documentación:

- **Informe-memoria** detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ó abeiro deste convenio, acompañado dunha certificación, asinada pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade, do cumprimento de que as achegas da Consellería de Política Social foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

- **Declaración complementaria do conxunto das axudas** solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para estes mesmos fins, das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Segundo o previsto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera



administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade .

NOVENA-Inexistencia de relación laboral

A Universidade da Coruña queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

A Universidade da Coruña asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de impartir a formación ou levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes deste convenio o dereito ó exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

DÉCIMA.- Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable,

o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da axuda subvencionable do obxecto do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

DECIMO PRIMEIRA.-Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados. En todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o **10 de decembro de 2018**, establecida na cláusula oitava deste convenio.

DECIMO SEGUNDA.- Obrigas de publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, de 13 de xuño e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social emitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Por outra banda a Universidade da Coruña adquire tamén os compromisos e obrigas de dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: financiado pola Consellería de Política Social.

DÉCIMO TERCEIRA.- Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de desenvolvemento. Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico ao seguinte enderezo: sxt.politicasocial@xunta.gal.

DÉCIMO CUARTA.- Comisión de seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das



actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes da Universidade da Coruña. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, de 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.-Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro e na Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo que modifica o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

A subscripción deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se a resolución fose expresa no prazo de dous meses. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para



o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

Pola Consellería de Política Social



José Manuel Rey Varela

Pola Universidade da Coruña



Julio Ernesto Abalde Alonso